



SAL. 001887 03.03.17 09:24

## CONVOCATORIA DE MATRÍCULA ANTICIPADA EN ESTUDOS DE DOUTORAMENTO OFICIAL PARA ALUMNADO CON ESTUDOS DE PAÍSES ALLEOS AO EEES. CURSO 2017/18.

### 1- .ÁMBITO DE APLICACIÓN

**1.1.-** Conforme ao disposto nesta convocatoria, poderán acceder as ensinanzas de Doutoramento oficial da USC para iniciar estudos no curso 2017/18 os titulados de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que teñan un título homologado a un título universitario oficial español ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro estado membro do Espazo Europeo de Educación Superior ou un título declarado equivalente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e que faculte en ambos casos para o acceso a estudos de doutoramento.

**1.2.-** Tamén poderán acceder os graduados de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen a necesidade de homologar o seu título, previa comprobación pola Universidade de que o título do interesado acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que faculta no país expedidor para acceder as ensinanzas de doutoramento. O acceso por esta vía non implica, en ningún caso, a homologación do título previo da persoa interesada ou o seu recoñecemento a outros efectos que o estudo das ensinanzas do Doutoramento.

**1.3.-** Os estudos que dan acceso aos estudos de doutoramento conforme á normativa vixente (Real decreto 99/2011) detállanse no ANEXO II desta convocatoria.

**1.4.-** Para acceder aos estudos de doutoramento da USC os estudantes procedentes de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) terán o mesmo tratamento que os da cota xeral, polo que quedan fóra desta convocatoria e só deberán acreditar que o seu título dá acceso aos estudos de doutoramento no país de orixe.

**1.5.-** Os estudantes incluídos no ámbito de aplicación desta convocatoria poderán solicitar a admisión nos programas de Doutoramento que figuran no ANEXO I, sempre que os seus estudos se atopen entre os que dan acceso ao programa concreto no que desexen matricularse.

**1.6.-** Os programas de Doutoramento incluídos no ANEXO I constitúen a oferta oficial prevista e só excepcionalmente podería condicionarse a admisión e a matrícula nos estudos de Doutoramento á efectiva impartición dos mesmos.

### 2 - . PRAZAS

**2.1.-** Os programas de Doutoramento nos que se pode solicitar a admisión e o número de prazas ofertadas nesta convocatoria anticipada para cada un son os que figuran no ANEXO I.



**2.2.-** A admisión tramitarase por orde de solicitude ata cubrir as prazas ofertadas entre os que reúnan os requisitos esixidos no programa.

**2.3.-** Para garantir o dereito de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, no caso de que se presenten solicitudes de admisión por parte de estudantes afectados por un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, e non resulten admitidos segundo os criterios xerais establecidos nesta convocatoria, habilitarase un aumento de ata o 5% das prazas ofertadas na titulación correspondente, co mínimo dunha praza.

Neste caso deberán presentar documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de discapacidade.

**2.4.-** Os solicitantes que non puideron matricularse a través desta convocatoria por cubrirse as prazas, poderán solicitar praza na convocatoria xeral de admisión nos estudos de doutoramento para o curso 2017/18 cos criterios de selección recollidos nesta convocatoria. A súa solicitude para esta convocatoria anticipada rexistrarse no sistema informático desde onde se notificará ao interesado a apertura da nova data límite de solicitude e os extremos relevantes da nova convocatoria, de ser o caso.

**2.5.-** De non cubrirse as prazas dispoñibles, as vacantes agregaranse á oferta xeral que se publique.

### **3 - . SOLICITUDE DE ADMISIÓN.**

**3.1.-** A solicitude de admisión poderá presentarse ata o 31 de maio de 2017 e deberá realizarse por medios electrónicos a través da Secretaría Virtual no enderezo <http://www.usc.es/doutoramento>. Os datos solicitados deberán ser cubertos en galego ou español.

**3.2.-** Xunto coa solicitude, os estudantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do pasaporte, NIE ou DNI.
- Copia dos títulos que dan acceso ao doutoramento.
- Certificación académica.
- Documentación adicional específica esixida no programa concreto no que pretenda matricularse.

**3.3.-** Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos requiridos, os solicitantes deberán incluír un enderezo de correo electrónico, que será o medio utilizado pola universidade para enviar as notificacións e comunicacións derivadas deste proceso, así como un teléfono de contacto para a recepción de calquera comunicación por vía SMS. De non ser posible a comunicación por estes medios, as notificacións faranse a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>).

**3.4.-** Calquera omisión ou falsidade nos datos declarados sobre a titulación de acceso ou do expediente académico, poderá dar lugar á anulación da matrícula e, no seu caso, a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas, independentemente das sancións administrativas ou penais que correspondan.

**3.5.-** A tramitación das solicitudes (consistente na verificación dos datos, especificamente os estudos de acceso, así como o control e cómputo de prazas) corresponde ao Servizo de Xestión

Académica (SXA). O SXA, unha vez realizadas as comprobacións iniciais solicitará informe á Comisión Académica do programa sobre a admisión do solicitante e notificará ao interesado o que proceda.

No caso de que o alumnado careza da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos determinados pola Comisión Académica no seu informe e que deberán ser concretados para cada alumno, sen que se poidan superar os 15 ECTS . Os complementos formativos someteranse ao disposto na norma 46.1 da Resolución reitoral de 16 de xuño de 2016 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2016/17.

O SXA tamén se poderá dirixir as Comisións Académicas en caso de dúbida sobre a idoneidade dos estudos declarados para acceder, sen prexuízo da tramitación e xuízo posterior en caso de ser necesaria a resolución de recoñecemento de equivalencia.

Toda a tramitación e comunicacións entre órganos e entre estes e os interesados apoiaranse, no posible, no sistema informático de xestión académica (Xescampus).

No caso de que se cubrisen as prazas ofertadas non se emitirá a resolución de non admisión, informando ao estudante que pode facer unha nova solicitude na convocatoria xeral e dos requisitos que debe cumprir para ela.

**3.6.-** A resolución de admisión incluírá a data límite para matricularse, así como:

a) A cantidade que o estudante debe aboar no prazo de matrícula fixado e que terá a consideración de prezo de xestión da reserva de praza e que, en caso de formalizar matrícula definitiva, destinarase ao pago dos prezos públicos fixados pola Comunidade Autónoma para o curso 2017/18. O importe da xestión de reserva de praza será de 200 euros. En caso de anulación de matrícula por calquera motivo, incluída a denegación da equivalencia de estudos que se describe no apartado 5, non procederá a súa devolución.

b) A necesidade de tramitar a equivalencia do título de acceso, no seu caso, e a forma de facelo especificando os documentos que se requiren e os requisitos destes.


c) No seu caso, a necesidade de superación dos complementos de formación de forma previa ou simultánea á matrícula en tutela académica no programa, e a advertencia sobre o prazo máximo de tres semestres consecutivos para superalos.

d) Información sobre o prezo total estimado por curso dos estudos que pretende cursar, así como as modalidades de pago ás que se poida acoller.

e) A necesidade de contratación dun seguro, de non telo feito antes.

f) Calendario académico previsto, número de créditos a matricular e toda a información relevante acerca dos estudos que se considere necesaria.

**3.7.-** Todas as comunicacións e notificacións relacionadas coa solicitude redactaranse nunha das linguas oficiais e, no posible, incluírase a súa tradución oficial ao idioma Inglés.



**3.8.-** Contra a resolución de non admisión o alumnado poderá presentar reclamación ante o Reitor no prazo de 7 días naturais desde a notificación da mesma. As reclamacións serán enviadas as Comisións Académicas correspondentes para o seu informe.

#### **4- . MATRÍCULA**

**4.1.-** Recibida a carta de admisión, o estudante deberá matricularse dentro do prazo fixado na resolución mediante o pago dos prezos que figuran na mesma. Os estudantes admitidos que non se matriculen neste prazo ou non aboén o prezos fixados, perderán o seu dereito sobre a praza adxudicada.

**4.2.-** A inscrición formalizarase e notificarase ao solicitante a través do sistema informático, incluíndo a información necesaria sobre a actualización dos prezos públicos e os cambios académicos que poidan xurdir posteriormente.


**4.3.-** Os estudantes inscritos poderán anular a matrícula formalizada nos termos e condicións establecidos pola Convocatoria xeral de matrícula sen dereito á devolución do prezo de xestión da reserva de praza.

**4.4.-** As disposicións da Convocatoria xeral de matrícula para o curso 2017/18 serán de aplicación aos estudantes matriculados a través desta convocatoria anticipada, fóra dos límites dos cambios de matrícula que non son aplicables para eles. Todos os cambios de matrícula informados polas Comisións Académicas nos prazos xerais serán resoltos favorablemente.

#### **5- . EQUIVALENCIA DE ESTUDOS**

**5.1.-** A admisión e matrícula terán carácter provisional, condicionadas á concesión da equivalencia da titulación de acceso, de conformidade co disposto no artigo 6.2.d do Real decreto 99/2011, así como ao cumprimento dos requisitos específicos que se establezan para cada programa de doutoramento. Para o recoñecemento de equivalencia deberán presentar antes de que finalice o prazo de matrícula a correspondente solicitude no Servizo de Xestión Académica, xunto cos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos e, no seu caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos.

**5.2.-** A resolución desestimatoria da equivalencia de estudos estranxeiros cursados para o ingreso nos estudos de doutoramento suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula. Tamén procederá a anulación cando non se acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a admisión no programa de doutoramento concreto.



#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1.- Os datos persoais recollidos serán incorporados no arquivo nº 1 denominado "Xestión Académica e Alumnado", aprobado pola Resolución de 24 de xuño de 2002 e modificada pola Resolución de 3 de setembro 2010. A súa finalidade é a xestión dos procesos para o acceso e a matrícula universitaria, a continuación dos estudos, os traslados, a xestión dos expedientes académicos, os títulos e cursos de posgrao e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, e calquera outra actividade que se inclúa na área administrativa da xestión académica e figure inscrita na Axencia de Protección de Datos.


2.- Os datos serán sometidos a tratamento con finalidades académicas e de xestión da USC, e para a difusión de información institucional e a información destinada a formación e inserción laboral dos membros da comunidade universitaria. A Universidade poderá utilizar os datos contidos nos seus arquivos tamén con fins históricos, estatísticos ou científicos, e para os establecidos no ficheiro e no regulamento xeral. Non se fará ningunha cesión de datos de carácter persoal sen o consentimento do titular dos datos, fóra dos casos previstos na Lei ou declarados no ficheiro pola USC.

3.- A responsabilidade sobre o ficheiro corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral da Universidade, os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de acordo cos modelos que aparecen nos seguintes enderezos: <http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/index.html>  
<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PREADMISIÓN

Fóra do prazo establecido nesta convocatoria, e sempre que non estea aberto un prazo xeral de admisión ou matrícula recollido na convocatoria xeral de matrícula para o curso 2017/18, a petición dos alumnos que xustifiquen o seu interese en ser admitidos para cursar estudos de Doutoramento, o SXA poderá emitir acreditacións de pre-admisión nos programas de doutoramento nos que existan vacantes e previo informe favorable da Comisión Académica do mesmo. As acreditacións de pre-admisión non obvian a obriga dos interesados de someterse posteriormente aos procedementos de admisión e matrícula ordinarios polo que só terán efectos como xustificación previa de que o alumno reúne os requisitos mínimos para cursar os estudos solicitados.

O modelo de acreditación será aprobado pola Secretaría Xeral da Universidade.



#### DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS


A presente convocatoria entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico oficial da USC, e terá efectos para a matrícula do curso 2017/18.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación oficial no taboleiro electrónico, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

O Reitor



Juan Viaño Rey

Os requisitos específicos para o ingreso en cada un dos programas figuran na páxina oficial de cada un deles. Poderase acceder á información desde este documento premendo no nome do programa.

PROGRAMA	Cota alleos EEES
<a href="#">Análise económica e estratexia empresarial</a>	2
<a href="#">Avances e novas estratexias en CC forenses</a>	2
<a href="#">Avances en bioloxía microbiana e parasitaria</a>	3
<a href="#">Biodiversidade e conservación do medio natural</a>	1
<a href="#">Ciencia de materiais</a>	4
<a href="#">Ciencia e tecnoloxía química</a>	16
<a href="#">Ciencias agrícolas e medioambientais</a>	3
<a href="#">Ciencias da visión</a>	1
<a href="#">Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión</a>	3
<a href="#">Ciencias odontolóxicas</a>	3
<a href="#">Comunicación e información contemporánea</a>	4
<a href="#">Dereito</a>	1
<a href="#">Desenvolvemento psicolóxico, aprendizaxe e saúde</a>	2
<a href="#">Desenvolvemento rexional e integración económica</a>	2
<a href="#">Economía e empresa</a>	6
<a href="#">Educación</a>	7
<a href="#">Endocrinoloxía</a>	4
<a href="#">Energías renovables e sustentabilidade enerxética</a>	3
<a href="#">Enxeñaría para o desenvolvemento rural e civil</a>	6
<a href="#">Enxeñaría química e ambiental</a>	3
<a href="#">Enxeñaría termodinámica de fluídos</a>	1
<a href="#">Epidemioloxía e saúde pública</a>	2
<a href="#">Equidade e innovación en educación</a>	2
<a href="#">Erasmus Mundus en nanomedicina e innovación farmacéutica (NANOFAR)</a>	Segundo o acordo entre as Universidades do Consorcio
<a href="#">Estatística e investigación operativa</a>	2
<a href="#">Estudos culturais: memoria, identidade, territorio e linguaxe</a>	3
<a href="#">Estudos da literatura e da cultura</a>	4
<a href="#">Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura</a>	3

PROGRAMA	Cota alleos EEES
<a href="#">Estudos medievais</a>	3
<a href="#">Filosofía</a>	2
<a href="#">Física nuclear e de partículas</a>	3
<a href="#">Historia contemporánea</a>	4
<a href="#">Historia, xeografía e historia da arte</a>	6
<a href="#">Innovación en seguridade e tecnoloxía alimentarias</a>	3
<a href="#">Investigación agraria e forestal</a>	4
<a href="#">Investigación básica e aplicada en ciencias veterinarias</a>	1
<a href="#">Investigación clínica en medicina</a>	10
<a href="#">Investigación e desenvolvemento de medicamentos</a>	4
<a href="#">Investigación en tecnoloxías da información</a>	4
<a href="#">Láser, fotónica e visión</a>	1
<a href="#">Lingüística</a>	2
<a href="#">Lóxica e filosofía da ciencia</a>	1
<a href="#">Marketing político: actores e institucións nas sociedades contemporáneas</a>	5
<a href="#">Matemáticas</a>	2
<a href="#">Medicina e sanidade veterinaria</a>	4
<a href="#">Medicina molecular</a>	6
<a href="#">Medio ambiente e recursos naturais</a>	4
<a href="#">Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas</a>	2
<a href="#">Nanomedicina</a>	1
<a href="#">Neurociencia e psicoloxía clínica</a>	4
<a href="#">Procesos psicolóxicos e comportamento social</a>	3
Protección do patrimonio cultural	1
<a href="#">Psicoloxía do traballo e as organizacións, xurídica-forense e do consumidor e usuario</a>	2
<a href="#">Textos da antigüidade clásica e a súa pervivencia</a>	1
<a href="#">Xestión sustentable da terra e do territorio</a>	2

Os requisitos de acceso para os alumnos de inicio nos estudos de doutoramento ao amparo do Real decreto 99/2011 serán os establecidos na normativa vixente e no Regulamento de estudos de doutoramento da USC.

Son requisitos de acceso os seguintes:

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster universitario, ou equivalente, sempre que se teñan superado, alomenos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

Así mesmo poderán acceder quen se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 16 do R.D. 1393/2007 e superar un mínimo de 300 ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.
- Estar en posesión dun título oficial español de Grao no que a duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 ECTS. Ditos titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Máster.
- Os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso ás prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde (MIR, FIR, PIR, EIR, etc.)
- Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade de homologalo, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de acceso a ensinanzas de doutoramento.
- Estar en posesión doutro título español de Doutor obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.
- Os doutorandos que iniciasen o seu programa de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias, poderán acceder ás ensinanzas de doutoramento, previa admisión de acordo co establecido neste Regulamento. En todo caso deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral neste regulamento para acceso a estudos de doutoramento.

Poderán acceder aos estudos de doutoramento os Licenciados, Arquitectos ou Enxeñeiros que estivesen en posesión do Diploma de Estudos Avanzados obtido de acordo co disposto no Real decreto 778/1998, de 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, de 23 de xaneiro.

- Poderán acceder aos estudos de doutoramento os Licenciados, Arquitectos ou Enxeñeiros que estivesen en posesión dun título de Máster oficial conforme ao Real decreto 56/2005 ou do Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010 ou superasen 60 ECTS de estudos de Máster oficial.



ANEXO II  
REQUISITOS DE ACCESO AOS ESTUDOS DE  
DOUTORAMENTO PARA O CURSO 2017/18

- Tamén poderán acceder os Diplomados, Enxeñeiros Técnicos ou Arquitectos técnicos que acrediten superar 300 ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais cursados dos que polo menos 60 terán que ser de nivel de Máster oficial.

A efecto do cumprimento dos requisitos de acceso, as titulacións do sistema universitario español anteriores ao Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro terán unha equivalencia de conformidade coas seguintes regras:

- a) Un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación previa ao Real decreto 1393/2007 será considerado equivalente a 60 ECTS e unha titulación de cinco anos considerarase como cursados, un equivalente de 300 ECTS
- b) No caso de cursar e superar unha titulación oficial española dunha ordenación anterior ao Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro organizada en dous ciclos (primeiro e segundo ciclo) que, de acordo co apartado anterior, sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que o último curso de 60 ECTS do segundo ciclo é de nivel de Máster.
- c) De cursar e superar unha titulación de segundo ciclo que non constitúa continuación directa dun correlativo primeiro ciclo, e que o conxunto de créditos cursados e superados de primeiro e segundo ciclo será equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que o último curso de 60 ECTS do segundo ciclo son equivalentes ao nivel de Máster.
- d) Este recoñecemento de 60 ECTS como de nivel de Máster referido nas liñas anteriores serao aos únicos efectos de acceso aos estudos de doutoramento da USC, sen que supoña a adquisición de ningún outro dereito nin equivalencia.
- e) Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 16 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC no relativo aos requisitos xerais e aos criterios adicionais de admisión que poida establecer a comisión académica dun Programa de Doutoramento concreto, así como, se é o caso, a esixencia de complementos de formación específicos, tal e como se recolle no artigo 7 do Real decreto 99/2011 de 28 de xaneiro."



## **CONVOCATORIA DE MATRÍCULA ANTICIPADA EN ESTUDIOS DE DOCTORADO OFICIAL PARA ALUMNADO CON ESTUDIOS DE PAÍSES AJENOS AL EEES. CURSO 2017/18.**

### **1 - . ÁMBITO DE APLICACIÓN**

**1.1.-** Conforme a lo dispuesto en esta convocatoria, podrán acceder a las enseñanzas de Doctorado oficial de la USC para iniciar estudios en el curso 2017/18 los titulados de sistemas educativos ajenos al Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) que tengan un título homologado a un título universitario oficial español o a otro expedido por una institución de educación superior perteneciente a otro estado miembro del Espacio Europeo de Educación Superior o un título declarado equivalente por el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, y que faculte en ambos casos para el acceso a estudios de doctorado.

**1.2.-** También podrán acceder los graduados de sistemas educativos ajenos al Espacio Europeo de Educación Superior sin la necesidad de homologar su título, previa comprobación por la Universidad de que el título del interesado acredita un nivel de formación equivalente a los correspondientes títulos universitarios oficiales españoles y que faculta en el país expedidor para acceder a las enseñanzas de doctorado. El acceso por esta vía no implica, en ningún caso, la homologación del título previo de la persona interesada o su reconocimiento a otros efectos que el estudio de las enseñanzas del Doctorado.

**1.3.-** Los estudios que dan acceso a los estudios de doctorado conforme a la normativa vigente (Real Decreto 99/2011) se detallan en el ANEXO II de esta convocatoria.

**1.4.-** Para acceder a los estudios de doctorado de la USC los estudiantes procedentes de sistemas educativos de la Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) tendrán el mismo tratamiento que los del cupo general, por lo que quedan fuera de esta convocatoria y sólo deberán acreditar que su título da acceso a los estudios de doctorado en el país de origen.

**1.5.-** Los estudiantes incluidos en el ámbito de aplicación de esta convocatoria podrán solicitar la admisión en los programas de Doctorado que figuran en el ANEXO I, siempre que sus estudios se encuentren entre los que dan acceso al programa concreto en el que deseen matricularse.

**1.6.-** Los programas de Doctorado incluidos en el ANEXO I constituyen la oferta oficial prevista y sólo excepcionalmente podría condicionarse la admisión y la matrícula en los estudios de Doctorado a la efectiva impartición de los mismos.

### **2 - . PLAZAS**

**2.1.-** Los programas de Doctorado en los que se puede solicitar la admisión y el número de plazas ofertadas en esta convocatoria anticipada para cada uno son los que figuran en el ANEXO I.

**2.2.-** La admisión se tramitará por orden de solicitud hasta cubrir las plazas ofertadas entre los que reúnan los requisitos exigidos en el programa.

**2.3.-** Para garantizar el derecho de igualdad de oportunidades de las personas con

discapacidad, en el caso de que se presenten solicitudes de admisión por parte de estudiantes afectados por un grado de minusvalía igual o superior al 33%, y no resulten admitidos según los criterios generales establecidos en esta convocatoria, se habilitará un aumento de hasta el 5% de las plazas ofertadas en la titulación correspondiente, con el mínimo de una plaza.

En este caso deberán presentar documento acreditativo, expedido por la autoridad competente, del grado de discapacidad.

**2.4.-** Los solicitantes que no pudieron matricularse a través de esta convocatoria por cubrirse las plazas, podrán solicitar plaza en la convocatoria general de admisión en los estudios de doctorado para el curso 2017/18 con los criterios de selección recogidos en esa convocatoria. La solicitud para esta convocatoria anticipada se registrará en el sistema informático desde donde se notificará al interesado la apertura de la nueva fecha límite de solicitud y los extremos relevantes de la nueva convocatoria, si es el caso.

**2.5.-** De no cubrirse las plazas disponibles, las vacantes se agregarán a la oferta general que se publique.

### **3 - . SOLICITUD DE ADMISIÓN**

**3.1.-** La solicitud de admisión podrá presentarse hasta el 31 de mayo de 2017 y deberá realizarse por medios electrónicos a través de la Secretaría Virtual en la dirección <http://www.usc.es/doutoramento> . Los datos solicitados deberán ser cubiertos en gallego o español.

**3.2.-** Junto con la solicitud, los estudiantes deberán proporcionar la siguiente documentación:

- Copia del pasaporte, NIE o DNI.
- Copia de los títulos que dan acceso al doctorado.
- Certificación académica.
- Documentación adicional específica exigida en el programa concreto en el que pretenda matricularse.

**3.3.-** En la solicitud, además de los datos personales y académicos requeridos, los solicitantes deberán incluir una dirección de correo electrónico, que será el medio utilizado por la universidad para enviar las notificaciones y comunicaciones derivadas de este proceso, así como un teléfono de contacto para la recepción de cualquier comunicación por vía SMS. De no ser posible la comunicación por estos medios, las notificaciones se harán a través del tablón de anuncios de la Sede Electrónica de la USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>).

**3.4.-** Cualquier omisión o falsedad en los datos declarados sobre la titulación de acceso o del expediente académico, podrá dar lugar a la anulación de la matrícula y, en su caso, a ser excluido del proceso de adjudicación de plazas, independientemente de las sanciones administrativas o penales que correspondan.

**3.5.-** La tramitación de las solicitudes (consistente en la verificación de los datos, específicamente los estudios de acceso, así como el control y cómputo de plazas) corresponde al Servicio de Gestión Académica (SXA). El SXA, una vez realizadas las comprobaciones iniciales solicitará informe a la Comisión Académica del programa sobre la admisión del solicitante y notificará al interesado lo que proceda.

En caso de que el alumnado carezca de la formación previa completa exigida en el programa, la admisión podrá quedar condicionada a la superación de complementos de formación específicos determinados por la Comisión Académica en su informe y que deberán ser concretados para cada alumno, sin que se puedan superar los 15 ECTS. Los complementos formativos se someterán a lo dispuesto en la norma 46.1 de la Resolución Rectoral de 16 de junio de 2016 por la que se publica la convocatoria general de matrícula para el curso 2016/17.

El SXA también se podrá dirigir a las Comisiones Académicas en caso de duda sobre la idoneidad de los estudios declarados para acceder, sin perjuicio de la tramitación y juicio posterior en caso de ser necesaria la resolución de reconocimiento de equivalencia.

Toda la tramitación y comunicaciones entre órganos y entre éstos y los interesados se apoyarán, en lo posible, en el sistema informático de gestión académica (Xescampus).

En caso de que se cubrieran las plazas ofertadas no se emitirá la resolución de no admisión, informando al estudiante que puede hacer una nueva solicitud en la convocatoria general y de los requisitos que debe cumplir para ella.

**3.6.-** La resolución de admisión incluirá la fecha límite para matricularse, así como:

a) La cantidad que el estudiante debe abonar en el plazo de matrícula fijado y que tendrá la consideración de precio de gestión de la reserva de plaza e que, en caso de formalizar matrícula definitiva, se destinará al pago de los precios públicos fijados por la Comunidad Autónoma para el curso 2017/18. El importe de la gestión de reserva de plaza será de 200 euros. En caso de anulación de matrícula por cualquier motivo, incluida la denegación de la equivalencia de estudios que se describe en apartado 5, no procederá su devolución.

b) La necesidad de tramitar la equivalencia del título de acceso, en su caso, y la forma de hacerlo especificando los documentos que se requieren y los requisitos de éstos.

c) En su caso, la necesidad de superación de los complementos de formación de forma previa o simultánea a la matrícula en tutela académica en el programa, y la advertencia sobre el plazo máximo de tres semestres consecutivos para superarlos.

d) Información sobre el precio total estimado por curso de los estudios que pretende cursar, así como las modalidades de pago a las que se pueda acoger.

e) La necesidad de contratación de un seguro, de no haberlo hecho antes.

f) Calendario académico previsto, número de créditos a matricular y toda la información relevante acerca de los estudios que se considere necesaria.

**3.7.-** Todas las comunicaciones y notificaciones relacionadas con la solicitud se redactarán en una de las lenguas oficiales y, en lo posible, se incluirá su traducción oficial al idioma Inglés.

**3.8.-** Contra la resolución de no admisión el alumnado podrá presentar reclamación ante el Rector en el plazo de 7 días naturales desde la notificación de la misma. Las reclamaciones serán enviadas a las Comisiones Académicas correspondientes para su informe.

#### **4 - . MATRÍCULA**

**4.1.-** Recibida la carta de admisión, el estudiante deberá matricularse dentro del plazo fijado en la resolución mediante el pago de los precios que figuran en la misma. Los estudiantes admitidos que no se matriculen en este plazo o no abonen los precios fijados, perderán su

derecho sobre la plaza adjudicada.

**4.2.-** La inscripción se formalizará y se notificará al solicitante a través del sistema informático, incluyendo la información necesaria sobre la actualización de los precios públicos y los cambios académicos que puedan surgir posteriormente.

**4.3.-** Los estudiantes inscritos podrán anular la matrícula formalizada en los términos y condiciones establecidos por la Convocatoria General de matrícula sin derecho a la devolución del precio de gestión de la reserva de plaza.

**4.4.-** Las disposiciones de la Convocatoria general de matrícula para el curso 2017/18 serán de aplicación a los estudiantes matriculados a través de esta convocatoria anticipada, a excepción de los límites de los cambios de matrícula que no son aplicables para ellos. Todos los cambios de matrícula informados por las Comisiones Académicas en los plazos generales serán resueltos favorablemente.

## **5 - . EQUIVALENCIA DE ESTUDIOS**

